



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A S.A DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO É O CONCELLO DE XINZO DE LIMIA PARA A XESTIÓN DO ALBERGUE SITO EN DITO CONCELLO

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo é unha Sociedade Anónima, de capital público da Xunta de Galicia, que, segundo os seus estatutos, ten entre as súas finalidades:

Artigo 2. Obxecto Social

1.- Constitúe o obxecto da Sociedade a realización de actividades dirixidas a xestión dos servizos comúns da rede de albergues da Comunidade Autónoma de Galicia e do resto do seu patrimonio social, así como a coordinación de actuacións específicas relacionadas co Camiño de Santiago e a cultura xacobeá.

2.- En concreto, constitúe o obxecto da Sociedade a realización das seguintes actividades:

- a) A xestión dos ingresos e gastos derivados do funcionamento da rede pública de albergues e do resto de edificios da entidade.*
- b) A coordinación das actuacións en materia de dotacións de albergues, de conservación, sinalización e recuperación do Camiño, así como a execución das encomendas de xestión que se poidan realizar nestas materias.*
- c) As relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago.*
- d) A coordinación de actuacións específicas relacionadas coa cultura xacobeá, en especial, as exposicións, así como a execución das encomendas de xestión que se poidan realizar nestas materias.*

Por tanto a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo é titular neste momento 68 albergues de peregrinos nos Camiños a Santiago de Compostela que conforman a Rede Pública de Albergues de Peregrinos do Camiño de Santiago. Así mesmo esta S.A. xestiona 4 puntos ou centros de información / interpretación aos peregrinos e usuarios ao longo do Camiño de Santiago.

Estes albergues están espallados polos itinerarios declarados oficialmente pola Xunta de Galicia como Camiño de Santiago, que acadan mais de 1300 km, coa seguinte distribución xeográfica:

- Camiño francés: 22 albergues
- Camiño Primitivo: 6 albergues
- Camiño Norte: 7 albergues
- Camiño Inglés: 5 albergues
- Camiño Fisterra / Muxía: 6 albergues
- Camiño Portugués: 10 albergues
- Via da Plata – Camiño Mozárabe: 13 albergues

A acollida e hospitalidade aos peregrinos conforma unha peza básica na promoción do Camiño de Santiago e os seus valores, e constitúe un dos principais recursos culturais e turísticos de Galicia como figura establecido no Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago, 2015-2021.



Nestes albergues no pasado ano 2016 foron acollidos 324.228 peregrinos de múltiples nacionalidades que percorren estas diversas rutas declaradas Camiño de Santiago en Galicia.

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo xestiona a maioría destes albergues directamente, por medio dunha empresa concesionaria; en concreto 46, namentres que os outros 22, aínda sendo titularidade da S.A. de Xestión, están xestionados por Concellos ou outras entidades. No primeiro caso, a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo ten contratado o servizo de atención ao peregrino, limpeza e cobro nos albergues que xestiona directamente, na actualidade o concesionario é a empresa Clece. Esta mesma empresa asume, en virtude do seu contrato, a xestión do cobro efectuado nos albergues xestionados por Concellos e outras entidades mediante a venda de tickets numerados e correlativos impresos pola Fábrica Nacional de Moneda y Timbre e distribuídos por esta S.A.

Dende os inicios de creación da rede de albergues de peregrinos foron acordados diversos convenios de colaboración cos respectivos concellos para a xestión destes establecementos mantendo a S.A. titularidade dos mesmos. Achégase como documento anexo a relación dos convenios asinados na actualidade con concellos. Amais existen senllos convenios para a xestión dos albergues de Pontevedra e Mos coa Fundación Camiño de Santiago e coa Asociación de Veciños Santa Baia de Mos (Pontevedra) respectivamente.

Cómpre a renovación destes convenios na medida en que se produza o vencemento dos actualmente vixentes ou na medida que o aconsellen as circunstancias particulares de cada caso.

Ao abeiro deste convenio cada Concello asinante terá ao seu cargo todos os gastos de conservación, mantemento e funcionamento do albergue da súa localidade, dispoñendo ao mesmo tempo do persoal necesario para atendelo segundo a normativa vixente. Así mesmo o Concello comprometese á venda dos bonos proporcionados pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, a través da empresa adxudicataria, para a utilización dos albergues polos peregrinos e ingresará o resultado da recadación obtida na conta designada pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo destinará as 2/3 partes da recadación obtida en cada albergue ao respectivo Concello para contribuír aos gastos asumidos en virtude deste convenio. O terzo da recadación restante será en beneficio da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo como titular da Rede de albergues.

Resulta, por tanto, de interese tanto para a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo como para o Concello de Xinzo de Limia, que contará con un único albergue público, asinar un convenio sobre esta materia dado que dito albergue redunda en beneficio dos peregrinos, dos veciños do Concello así como da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

A presente actuación é incompatible cunha concorrência competitiva dado que é o albergue público está dentro de dito Concello.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, dado que as cantidades ingresadas se corresponden unicamente para a compensación de custos do mantemento, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Refundido de Contratos do Sector Público, quedando por tanto excluído de acordo co establecido no artigo 4.1,d) do mesmo texto legal.



En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende con exclusión de outras figuras .

S.A. de Xestión do Plan Xacobeo 28 de maio de 2017

Rafael Sánchez Bargiela
Director-Xerente

ANEXO

CONVENIOS ACTUAIS CON CONCELLOS E ENTIDADES PARA A CESIÓN DA XESTIÓN DOS ALBERGUES DE PEREGRINOS PROPIEDAD DA S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

1. Albergue de Padrón, situado no concello de Fonsagrada (Lugo) (CPR)-CONVENIO CON: CONCELLO DE A FONSGRADA
2. Albergue de O Cádavo, situado no concello de Baleira (Lugo) (CPR)-CONVENIO CON: CONCELLO DE BALEIRA
3. Albergue de Ribadeo, situado no concello de Ribadeo (Lugo) (CNO) -CONVENIO CON: CONCELLO DE RIBADEO
4. Albergue de Lourenzá, situado no concello de Lourenzá (Lugo) (CNO) -CONVENIO CON: CONCELLO DE LOURENZÁ
5. Albergue de Mondoñedo, situado no concello de Mondoñedo (Lugo) (CNO) -CONVENIO CON: CONCELLO DE MONDOÑEDO
6. Albergue de Boimorto (Telleira de Baiuca), situado no concello de Boimorto (A Coruña) (CNO) -CONVENIO CON: CONCELLO DE BOIMORTO
7. Albergue de Neda, situado no concello de Neda (A Coruña) (CIN) -CONVENIO CON: CONCELLO DE NEDA
8. Albergue de Bruma, situado no concello de Mesía (A Coruña) (CIN) -CONVENIO CON: CONCELLO DE MESIA
9. Albergue de Fisterra, situado no concello de Fisterra (A Coruña) (CFM) -CONVENIO CON: CONCELLO DE FISTERRA
10. Albergue de Olveiroa, situado no concello de Dumbría (A Coruña) (CFM) -CONVENIO CON: CONCELLO DE DUMBRIA
11. Albergue de Negreira, situado no concello de Negreira (A Coruña) (CFM)

-CONVENIO CON: CONCELLO DE NEGREIRA

12. Albergue de Porriño, situado no concello de Porriño (Pontevedra) (CPO)

-CONVENIO CON: CONCELLO DE O PORRIÑO

13. Albergue de Mos, situado no concello de Mos (Pontevedra) (CPO) - CONVENIO
CON: ASOCIACION DE VECIÑOS SANTA BAIA DE MOS

14. Albergue de Pontevedra, situado no concello de Pontevedra (Pontevedra) (CPO)

-CONVENIO CON: FUNDACION CAMIÑO DE SANTIAGO

15. Albergue de Briallos, situado no concello de Portas (Pontevedra) (CPO) -
CONVENIO CON: CONCELLO DE PORTAS

16. Albergue de Padrón, situado no concello de Padrón (Pontevedra) (CPO)

-CONVENIO CON: CONCELLO DE PADRON

17. Albergue de A Gudiña, situado no concello de A Gudiña (Ourense) (CVP)

-CONVENIO CON: CONCELLO DE A GUDIÑA

18. Albergue de Laza, situado no concello de Laza (Ourense) (CVP) - CONVENIO CON:
CONCELLO DE LAZA

19. Albergue de Xunqueira de Ambía, situado no concello de Xunqueira de Ambía
(Ourense) (CVP) -CONVENIO CON: CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBIA

20. Albergue de Sandiás, situado no concello de Sandiás (Ourense) (CVP) -CONVENIO
CON: CONCELLO DE SANDIÁS

21. Albergue de San Cristovo de Cea, situado no concello de San Cristovo de Cea
(Ourense) (CVP) -CONVENIO CON: CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA

22. Albergue de Vedra, situado no concello de Vedra (A Coruña) (CVP) -CONVENIO
CON: CONCELLO DE VEDRA

(CPR): Camiño Primitivo

(CON): Camiño Norte

(CIN): Camiño Inglés



**XUNTA
DE GALICIA**



S.A. de Xestión do Plan Xacobeo
Estrada Santiago-Noia, km 3
A Barcia, 15896, Santiago de Compostela

(CFM): Camiño a Fisterra / Muxía
(CPO): Camiño Portugués
(CVP): Vía da Plata – Camiño Mozárabe